

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES RETORNADOS ULLA-UMIA (AERU) PARA O MANTEMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DIRIXIDA A PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa a Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia (AERU) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que a Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrencia pública, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que o interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer ás persoas emigrantes retornadas á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia, que ten a súa sede social en Caldas de Reis, é unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito provincial que naceu no ano 2013 co obxectivo de dar resposta as demandas das persoas emigrantes retornadas en relación cos problemas de tributación das pensións xeradas no estranxeiro, pero que, dadas as dificultades e a problemática que esta asociación detectou neste colectivo no seu proceso de retorno e adaptación, comezou a prestar tamén un servizo de orientación e asesoramento destinado a facilitar a súa integración social e cultural na sociedade galega. Esta entidade agrupa a un número importante de socios e socias na comarca de Caldas de Reis e se configura como un punto de referencia ao que cada día acoden as persoas retornadas reclamando os seus servizos, polo que, dentro desta liña de atención ao retorno, está a desenvolver un importante labor social a favor das persoas emigrantes galegas retornadas e da súa descendencia.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para articular o financiamento dos gastos de funcionamento dunha Oficina de Información da Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia. A dita



oficina ten como finalidade levar a cabo actividades de información e asesoramento á colectividade galega retornada á Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral de Emigración achegará unha contía global de seis mil euros (6.000 €) con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

